

ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE URBANISMO DO CONCELLO DE OROSO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A ASÍ COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) para proceder á valoración do segundo exercicio do procedemento de selección dunha praza de administrativo adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Oroso, como funcionario/a interino/a así como a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 732/2015 do 29/07/2015 (BOP nº 149 do 07/08/2015).

Reúnese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) para proceder á valoración do segundo exercicio do procedemento de selección dunha praza de administrativo adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Oroso, como funcionario/a interino/a así como a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 732/2015 do 29/07/2015 (BOP nº 149 do 07/08/2015), co obxecto de proceder á corrección da segunda proba realizada polos aspirantes o día 17/11/2015.

Data da sesión: 19/11/2015.
Hora de inicio: 13:30 horas.
Hora de finalización: 15:10 horas.

Asistentes:

- D. Manuel Suárez Bermúdez (Presidente).
- D. Félix Manuel Carrasco del Pozo (1º vogal).
- Dª. Yolanda García Fachal (2º vogal).
- Dª. Ana María Liñares Castro (3º vogal).
- D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, no Salón de Plenos do Concello de Oroso, en cumprimento do disposto nas Bases de Selección, procédese á corrección da segunda proba realizada o día 17/11/2015 co seguinte resultado:

Da lectura dos exercicios realizados polos diferentes aspirantes obsérvase polo Tribunal as seguintes conclusións:

Código 01: Contesta de xeito correcto as catro preguntas do exercicio aínda que a pregunta d) resulta un pouco mais incompleta que o resto, determina con claridade as normas nas que aparecen regulados os procedementos dos que está a falar,

F. O. Orosos en prensa na 10 15 99 de. Prohibición de datos de carácter persoal e a 31/1/2017. O presente documento é unha copia non controlada. F. O. Orosos en prensa na 10 15 99 de. Prohibición de datos de carácter persoal e a 31/1/2017. O presente documento é unha copia non controlada. F. O. Orosos en prensa na 10 15 99 de. Prohibición de datos de carácter persoal e a 31/1/2017. O presente documento é unha copia non controlada.

emprega unha terminoloxía axeitada cando se refire a órganos, documentos etc...en liñas xerais sinala de forma correcta os prazos de tramitación.

Código 02: A pregunta a) é contestada de xeito claramente incorrecto, non facendo referencia apenas á tramitación do PXOM e si a outros aspectos supletorios que non eran obxecto de pregunta. En liñas xerais as restantes preguntas non alcanzan un nivel mínimo en canto a coñecemento, centrándose ás veces en cuestións que non eran obxecto da pregunta. Comete erros á hora de determinar onde se levarán a cabo as publicacións das notificacións que non se podan levar a cabo (pregunta c).

Código 03: En liñas xerais non se resposta de forma correcta as preguntas. Na pregunta a) non se realiza unha exposición clara da tramitación necesaria para a aprobación do PXOM, se cometen erros en canto á denominación das diferentes fases. Na pregunta b) se comenten erros en relación a sinalar os prazos de inicio de execución das obras así como o prazo das comunicacións previas. Na pregunta c) non se indican os supostos nos que a publicación substitúe á notificación e o lugar de realización das publicacións.


Código 04: Correcta de xeito correcto todas as preguntas do exercicio. Sinala de xeito correcto as diferentes fases da aprobación do PXOM, usando unha terminoloxía correcta, indicando o tipo de maiorías necesarias para a aprobación e o tipo de recursos que se poderán interpoñer contra o mesmo. Nas restantes preguntas se aprecia corrección en canto aos prazos legais que se citan e sinala igualmente de xeito correcto a normativa de aplicación en cada caso.

Código 05: Presenta erros nos prazos legais que cita na pregunta a) e igualmente non sinala o tipo de maioría necesaria para a aprobación do PXOM igualmente realiza unha exposición pouco clara das fases. Nas restantes preguntas, con carácter xeral non fixa os artigos ou disposicións que lle son de aplicación, na pregunta c) non establece de xeito claro os supostos nos que a publicación substitúe á notificación.

Polo que á vista do anterior o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acorda outorgar as seguintes puntuacións:

| CÓDIGO | PUNTUACIÓN |
|--------|------------|
| 01 | 7 |
| 02 | 3 |
| 03 | 3,5 |
| 04 | 8 |
| 05 | 2,5 |

Seguidamente procédese a identificar o código asignado para a realización da proba con cada aspirante resultando que superan o segundo exercicio, considerando que segundo as bases de selección se establecía que sería necesario a lo menos acadar unha puntuación de 5, os seguintes aspirantes coa seguinte puntuación:


| APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN |
|-----------------------|------------|
| LIJÓ RODRIGUEZ BLANCA | 8 |
| VAZQUEZ PITA PABLO | 7 |

O Tribunal por unanimidade dos seus membros aproba a antedita relación de aspirantes declarados como aptos.

Conforme ao previsto nas bases quinta e novena, convócase a todos/todas os/as aspirantes que superaron a segunda proba para a realización do terceiro o

Día: 02/12/2015.

Hora: 17:00 horas.

Lugar: Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando os membros do Tribunal.

O Presidente:

Manuel Suárez Bermúdez.

1º Vogal.

Félix M. Carrasco del Pozo.

O Secretario.

Federico Suárez

Cancelo.

2º Vogal.

Yolanda García Fachal.

3º Vogal.

Ana María Liñares Castro.

